

Datas de realización: 22, 23, 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro de 2016 e 2, 3, 4 e 5 de xaneiro de 2017, cun total de 11 días.

Lugar de realización da actividade: CEIP As Fontiñas (Rúa de Roma, 21) e CEIP Raíña Fabiola (Rúa Entre Galeras, 15)

Horarios e servizos que se ofrecen:

CEIP AS FONTIÑAS

Horario: de **07,45 h. ata ás 16,00 h.**, coas seguintes modalidades:

- Servizo de madrugadores: de 07,45 a 09,00 h.
- Obradoiros e actividades: de 09,00 a 14,00 h.
- Servizo de comedor: de 14,00 ás 16,00 h.

CEIP RAIÑA FABIOLA

Horario: de **09,00 ata ás 16,00 h.**, coas seguintes modalidades:

- Obradoiros e actividades: de 09,00 a 14,00 h.
- Servizo de comedor: de 14,00 ás 16,00 h.

Mais información:

Departamento de Educación. Tfno: 981 55 44 00

dptoeducacion@santiagodecompostela.gal; www.santiagodecompostela.gal

Teléfono de coordinación do programa: 691 475 060

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN

“NADAL 2016”



O programa municipal de conciliación NADAL 2016 ten como obxectivo facilitar a conciliación da vida familiar e laboral ofrecendo aos neno/as unha alternativa de lecer no tempo libre desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia. Está dirixido a nenos e nenas con idades comprendidas **entre os 3 e os 12 anos; é dicir, dende o 2º ciclo de Educación Infantil ata o 3º ciclo de Educación Primaria.**

O programa ten como centro de interese “XOGAMOS COA CIENCIA”. Por ese motivo a través de diferentes actividades os participantes aproximaranse ao mundo científico, realizarán experimentos, e afianzarán valores de respecto e coidado do medio ambiente e do mundo natural.

O alumnado estará organizado en todo momento en grupos de idades e realizarán as seguintes actividades:

PROGRAMA

XOVES 22	VENRES 23	LUNS 26	MARTES 27
BENVIDA	BENVIDA	BENVIDA	BENVIDA
XOGOS DE PRESENTACIÓN E COÑECEMENTO	OBRADOIRO: O SISTEMA SOLAR	OBRADOIRO “A CIENCIA NA COCIÑA”	OBRADOIRO CON MATERIAL DE REFUGALLO: FACEMOS UN PLUVIÓMETRO E UN CATAVENTOS
DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO
MURAL DE NADAL: O NOSO PLANETA	XOGOS DE DISTENSIÓN	OBRADOIRO DE EXPERIMENTOS DIVERTIDOS	GRAN XOGO DOS SENTIDOS
MÉRCORES 28	XOVES 29	VENRES 30	LUNS 2
BENVIDA	BENVIDA	BENVIDA	BENVIDA
OBRADOIRO AS PLANTAS: “PLANTAMOS UNHA SEMENTE”	OBRADOIRO A BIODIVERSIDADE DO NOSO PLANETA	XOGOS TRADICIONAIS	OBRADOIRO DE RECICLAXE
DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO
XOGO DE PISTAS “NA PROCURA DO ELO PERDIDO”	GRAN XOGO DOS ECOSISTEMAS	XIMKANA DE ORIENTACIÓN NA NATUREZA	XIMKANA DE RECICLAXE

MARTES 3	MÉRCORES 4	XOVES 5
BENVIDA	BENVIDA	BENVIDA
OBRADOIRO GRANDES INVENTORES	SAÍDA MEDIOAMBIENTAL	FESTA CIENTÍFICA DE DESPEDIDA
DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO
O DEPORTE E A SAÚDE. XOGOS PREDEPORTIVOS	SAÍDA MEDIOAMBIENTAL	FESTA CIENTÍFICA DE DESPEDIDA

** Esta programación é orientativa e pode estar suxeita a modificacións.*

INFORMACIÓN DE INTERESE:

- Todo o alumnado debe traer unha **MOCHILA, etiquetada co seu nome**, coa merenda e unha botella de auga. Para evitar extravíos pregamos que todas as chaquetas veñan tamén rotuladas con nome e apelidos.
- **MANDILÓN (opcional):** Tanto para o comedor como para as actividades, debido a que realizarán actividades con produtos que poden manchar a roupa.
- **Roupa cómoda e calzado deportivo**, xa que imos realizar xogos e actividades no pavillón do colexio.
- **Para o comedor**, todo o alumnado poden traer, ademais do mandilón, un **neceser con útiles de aseo debidamente etiquetados.**
- **Para a seguridade do alumnado, as portas do centro permanecerán pechadas e abriranse 15 minutos antes do horario de recollida** (no caso de que precisen recoller ao seu fillo/a antes deste horario deberán comunicarllo ás monitoras ou chamar ao teléfono de secretaría indicado). O horario de recollida dos participantes no servizo de comedor será a partir das 15.00 horas.
- Está prevista unha **saída medioambiental pola cidade de Santiago** na que se realizarán actividades de coñecemento do entorno natural, da que lle informaremos con antelación. Para esta saída é imprescindible que asinen a autorización que se lles envía. No caso de que algún alumno/a non estea autorizado quedará no colexio acompañado do correspondente monitorado.